

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA NO INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO (PRAZO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 7 DE XUÑO DE 2022 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2022/2023.

O día 7 de xullo de 2022 publicouse a Orde do 7 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso as prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais desta consellería, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2022/23.

Conforme ao artigo 11 desta orde, o día 27 de setembro de 2022 reuniuse no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo a Comisión de Valoración para examinar as solicitudes presentadas, e elaborar as listas provisionais de admitidos e excluídos no prazo extraordinario. Dado que non existen persoas excluídas e visto que de acordo co establecido nos artigos 4.4 e 17 da mencionada orde, o número de solicitudes presentadas é inferior ao número de prazas tanto de residencia en pensión completa coma de media pensión/xantar diario non regular ofertadas na convocatoria, a Comisión de Valoración procede a dar traslado da relación provisional de persoas admitidas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Tendo en conta a proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

**RESOLVE:**

En cumprimento do punto 2, do artigo 12 da Orde do 7 de xuño de 2022, facer pública a relación provisional de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa e media pensión/xantar diario non regular para a residencia do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo no prazo extraordinario. Esta relación figura como anexo desta resolución, e deberá publicarse na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas á presidenta da comisión.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)



## ANEXO

Relación provisional de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa e media pensión/xantar diario non regular no prazo extraordinario:

### LISTAXE PROVISIONAL

*Período Extraordinario. Pensión Completa. Curso 2022/2023*

Nº	NOME	DNI
1	DOCAMPO CABANELAS, UXÍA VALENTINA	***1439**
2	MORANDEIRA DÍEZ, ÁNGEL MANUEL	***8169**
3	REIRIZ GÓMEZ , KEVIN	***5148**
4	VARGAS VIZOSO, AURORA	***3594**

*Período extraordinario. Xantar diario non regular. Curso 2022/2023*

Nº	NOME	DNI
1	LOUREIRO BERTOLO, JÉSSICA	***0085**

- As persoas interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas á presidenta da Comisión.

